Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Probas de graduado en educación secundaria
Maio de 2013

Grupo
Social (proba A)

Duración: unha hora e trinta minutos / *una hora y treinta minutos*.

▪ 1º apelido *1er apellido*	
▪ 2º apelido *2º apellido*	
▪ Nome *Nombre*	
▪ Idade *Edad*	
▪ Data nacemento *Fecha nacimiento*	
▪ Provincia	
▪ Localidade *Localidad*	
▪ Lugar do exame *Lugar del examen*	
▪ Data *Fecha*	

1. Formato da proba

Formato

- A proba constará de 25 cuestións tipo test. / *La prueba constará de 25 cuestiones tipo test.*
- As cuestións teñen tres posibles respostas, das que soamente unha é correcta. / *Las cuestiones tienen tres posibles respuestas, de las que solamente una es correcta.*

Puntuación

- Un punto por cuestión correctamente contestada. / *Un punto por cuestión correctamente contestada.*
- Cada resposta incorrecta restará 0,25 puntos. / *Cada respuesta incorrecta restará 0,25 puntos.*
- As respostas en branco non descontarán puntuación. / *Las respuestas en blanco no descontarán puntuación.*

Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de 90 minutos. / *Este ejercicio tendrá una duración máxima de 90 minutos.*

Procedemento / *Procedimiento*

- En cada cuestión, sinale a resposta correcta rodeando cun círculo a letra elixida. Se quere rectificar, risque a letra elixida e rodee cun círculo a opción que considere correcta. / *En cada cuestión, señale la respuesta correcta rodeando con un círculo la letra elegida. Si quiere rectificar, tache la letra elegida y rodee con un círculo la opción que considere correcta.*
- Neste caderno de exame pode realizar as anotacións que desexe. / *En este cuaderno de examen puede realizar las anotaciones que desee.*
- Traslade despois as respostas elixidas á folla de respostas. / *Traslade después las respuestas elegidas a la hoja de respuestas.*

2. Exercicio

Texto 1

Os traballos das mulleres e os homes	***Los trabajos de las mujeres y los hombres***
Durante a Segunda Guerra Mundial as mulleres accederon ao mercado de traballo para substituír a man de obra masculina, que loitaba nas frontes de guerra. Hoxe, no século XXI, as mulleres atópanse ante outra situación que require a súa man de obra na Unión Europea: unha sociedade envellecida e un dos índices de natalidade máis baixos. Na actualidade, con máis de dous séculos de loita na procura da igualdade de dereitos, elas teñen unha taxa de ocupación en España do 34,7%, pero na dirección das empresas só chegan a un 0,7%. Non se pode aceptar que cando o Estado xa non necesite da man de obra feminina, dispoña que todo o sistema as induza a quedar novamente na casa, coa grave consecuencia da dependencia económica. Non se puxo o mesmo esforzo para democratizar a vida doméstica, é dicir, en facer que os homes asuman a súa parte na repartición igualitaria das tarefas do fogar. Esta situación viuse agudizada coa redución do estado de benestar, unha das consecuencias máis nocivas para as mulleres das políticas neoliberais. Así, fronte á redución do investimento público para financiar institucións que se ocupen do coidado de nenos e nenas, maiores ou persoas discapacitadas ou de políticas que permitan conciliar a vida familiar e laboral, as mulleres vense obrigadas a asumir de novo estas responsabilidades. VARGAS, M. *Conciliación de la vida laboral y familiar*. Madrid, 2004. (Reelaboración)	*Durante la Segunda Guerra Mundial las mujeres accedieron al mercado de trabajo para sustituir la mano de obra masculina, que luchaba en los frentes de guerra. Hoy, en el siglo XXI, las mujeres se encuentran ante otra situación que requiere su mano de obra en la Unión Europea: una sociedad envejecida y uno de los índices de natalidad más bajos. En la actualidad, con más de dos siglos de lucha en la búsqueda de la igualdad de derechos, ellas tienen una tasa de ocupación en España del 34,7%, pero en la dirección de las empresas solo llegan a un 0,7%.* *No se puede aceptar que cuando el Estado ya no necesite de la mano de obra femenina, disponga que todo el sistema las induzca a quedarse nuevamente en casa, con la grave consecuencia de la dependencia económica. No se ha puesto el mismo esfuerzo para democratizar la vida doméstica, es decir, en hacer que los hombres asuman su parte en el reparto igualitario de las tareas del hogar. Esta situación se vio agudizada con la reducción del estado de bienestar, una de las consecuencias más nocivas para las mujeres de las políticas neoliberales. Así, frente a la reducción de la inversión pública para financiar instituciones que se ocupen del cuidado de niños y niñas, mayores o personas discapacitadas o de políticas que permitan conciliar la vida familiar y laboral, las mujeres se ven obligadas a asumir de nuevo estas responsabilidades.* *VARGAS, M. Conciliación de la vida laboral y familiar. Madrid, 2004. (Reelaboración)*

1. No texto afírmase que a Unión Europea é unha sociedade envellecida. Por que a Unión Europea ten un índice de natalidade tan baixo?

En el texto se afirma que la Unión Europea es una sociedad envejecida. ¿Por qué la Unión Europea tiene un índice de natalidad tan bajo?

A Porque os países que a conforman pertencen a un mundo desenvolvido e rico.
Porque los países que forman parte de ella pertenecen a un mundo desarrollado y rico.

B Porque son países cunha medicina moi avanzada e a xente vive moitos anos.
Porque son países con una medicina muy avanzada y la gente vive muchos años.

C Porque son países que non teñen cartos para manter a moita poboación.
Porque son países que no tienen dinero para mantener a mucha población.

2. Que significa democratizar a vida doméstica?

¿Qué significa democratizar la vida doméstica?

A Que as mulleres asuman todo o traballo doméstico.
Que las mujeres asuman todo el trabajo doméstico.

B Que os homes traballen tamén no fogar a partes iguais.
Que los hombres trabajen también en el hogar a partes iguales.

C Que os homes asuman todo o traballo doméstico.
Que los hombres asuman todo el trabajo doméstico.

3. Que significan os datos da taxa de ocupación feminina dos que fala o texto?

¿Qué significan los datos de la tasa de ocupación femenina de los que habla el texto?

A Que de toda a poboación activa española só traballa un 34% e só chegan a cargos directivos os homes nun 0,7%.

Que de toda la población activa española solo trabaja un 4% y solo llegan a cargos directivos los hombres en un 0,7%.

B Que de todas as mulleres españolas só traballan na casa un 34% e delas un 0,7% traballan tamén fóra da casa.

Que de todas las mujeres españolas solo trabajan en casa un 34% y de ellas un 0,7% trabajan también fuera de casa.

C Que só traballan fóra da casa o 34% das mulleres en idade laboral e delas só un 0,7% están en postos directivos.

Que solo trabajan fuera de casa el 34% de las mujeres en edad laboral y de ellas solo un 0,7% están en puestos directivos.

4. Que é o Estado de benestar?

¿Qué es el Estado de bienestar?

A É un modelo de Estado no que este se preocupa de garantir beneficios ás empresas multinacionais.

Es un modelo de Estado en el que este se preocupa de garantizar beneficios a las empresas multinacionales.

B É un modelo de Estado no que todos os cidadáns teñen dereito ao ocio e ao tempo libre.

Es un modelo de Estado en el que todos los ciudadanos tienen derecho al ocio y al tiempo libre.

C É un modelo de Estado no que este prové servizos e garantías sociais a todos os seus cidadáns.

Es un modelo de Estado en el que este provee servicios y garantías sociales a todos sus ciudadanos.

5. De acordo co texto, que responsabilidades asumen de novo as mulleres hoxe?

De acuerdo con el texto, ¿qué responsabilidades asumen de nuevo las mujeres hoy?

A Coidado da infancia, maiores e discapacitados.

Cuidado de la infancia, mayores y discapacitados.

B Coidado da conciliación da vida familiar e laboral.

Cuidado de la conciliación de la vida familiar y laboral.

C Coidado do benestar material da súa parella.

Cuidado del bienestar material de su pareja.

6. Esta imaxe representa un esquema de:

Esta imagen representa un esquema de:



A Unha montaña formada por base, manto e codia.
Una montaña formada por base, manto y corteza.

B Un terremoto co seu hipocentro (foco) e o epicentro.
Un terremoto con su hipocentro (foco) y el epicentro.

C Un volcán coas tres partes: cheminea, cono volcánico e cráter.
Un volcán con las tres partes: chimenea, cono volcánico y cráter.

7. Cales son as tres zonas climáticas da Terra?

¿Cuáles son las tres zonas climáticas de la Tierra?

A Cálida, temperada e fría.
Cálida, templada y fría.

B Cálida, tropical e fría.
Cálida, tropical y fría.

C Ecuatorial, tropical e temperada.
Ecuatorial, tropical y templada.

8. En que continente están a cordilleira dos Andes e a cidade de Santiago de Chile?

¿En que continente están la cordillera de los Andes y la ciudad de Santiago de Chile?

A Europa.
Europa.

B África.
África.

C América.
América.

9. Defina que é unha isóbara:

Defina qué es una isóbara:

A Liña que une puntos que teñen a mesma presión atmosférica ao nivel do mar.

Línea que une puntos que tienen la misma presión atmosférica al nivel del mar.

B Liña que une puntos que teñen a mesma temperatura nun mapa.

Línea que une puntos que tienen la misma temperatura en un mapa.

C Liña que une puntos que teñen igual precipitación nun mapa.

Línea que une puntos que tienen igual precipitación en un mapa.

10. O seguinte climograma, tendo en conta os valores de temperatura e precipitacións, que tipo de clima representa?

El siguiente climograma, teniendo en cuenta los valores de temperatura y precipitaciones, ¿qué tipo de clima representa?



A Oceánico, caracterizado por temperaturas suaves e abundantes precipitacións.

Oceánico, caracterizado por temperaturas suaves y abundantes precipitaciones.

B Continental, caracterizado por temperaturas extremas e precipitacións escasas.

Continental, caracterizado por temperaturas extremas y precipitaciones escasas.

C Mediterráneo, caracterizado por temperaturas altas ou suaves e precipitacións escasas.

Mediterráneo, caracterizado por temperaturas altas o suaves y precipitaciones escasas.

11. Os emigrantes galegos ata 1950 tiñan como destino preferente:

Los emigrantes gallegos hasta 1950 tenían como destino preferente:

A América do norte.
América del norte.

B Europa occidental: Francia, Suíza, Alemaña.
Europa occidental: Francia, Suiza, Alemania.

C América central e do sur.
América central y del sur.

Texto 2

O Terceiro Mundo e a descolonización	***El Tercer Mundo y la descolonización***
O fenómeno do terceiromundismo ou subdesenvolvemento está intimamente relacionado coa descolonización. As economías das antigas colonias son esencialmente agrarias ou gandeiras e a súa tecnoloxía e industria son precarias ou nulas. De aí que os países subdesenvolvidos se vexan obrigados a subministrar materias primas aos países desenvolvidos (antigas metrópoles), xa que eles carecen de medios para manufacturalo. Esta subordinación económica coñécese co nome de neocolonialismo. Pero as sociedades subdesenvolvidas presentan situacións económicas moi variadas. Existen grandes diferenzas entre os países que dispoñen de recursos mineiros ou petrolíferos e os que carecen deles. Pero case todos teñen en común o analfabetismo e as guerras polos recursos.	*El fenómeno del tercermundismo o subdesarrollo está íntimamente relacionado con la descolonización. Las economías de las antiguas colonias son esencialmente agrarias o ganaderas y su tecnología e industria son precarias o nulas. De ahí que los países subdesarrollados se vean obligados a suministrar materias primas a los países desarrollados (antiguas metrópolis), ya que ellos carecen de medios para manufacturarlo. Esta subordinación económica se conoce con el nombre de neocolonialismo. Pero las sociedades subdesarrolladas presentan situaciones económicas muy variadas. Existen grandes diferencias entre los países que disponen de recursos mineros o petrolíferos y los que carecen de ellos. Pero casi todos tienen en común el analfabetismo y las guerras por los recursos.*
VV.AA. *Ciencias Sociales de Educación Secundaria.* Anaya, Madrid, 2003.	*VV.AA. Ciencias Sociales de Educación Secundaria. Ed. Anaya, Madrid, 2003.*

12. Explique que foi a descolonización.

Explique qué fue la descolonización.

A Un proceso económico que apoiaba que cada colonia dependera só da súa metrópole.
Un proceso económico que apoyaba que cada colonia dependiese solo de su metrópolis.

B Un proceso político que reclamaba o dereito dos pobos a ser independentes.
Un proceso político que reclamaba el derecho de los pueblos a ser independientes.

C Unha protesta que se estende entre as colonias por ter que loitar na Segunda Guerra Mundial.
Una protesta que se extiende entre las colonias por tener que luchar en la Segunda Guerra Mundial.

13. Os factores que máis favoreceron a descolonización foron:

Los factores que más favorecieron más la descolonización fueron:

A As guerras mundiais e a división en bloques dos países europeos.
Las guerras mundiales y la división en bloques de los países europeos.

B Os movementos nacionalistas nas colonias e a ONU.
Los movimientos nacionalistas en las colonias y la ONU.

C As multinacionais que traballan nos países ricos con materias primas.
Las multinacionales que trabajan en los países ricos con materias primas.

14. De acordo co texto, por que os países subdesenvolvidos comercian só con materias primas?

De acuerdo con el texto, ¿por qué los países subdesarrollados comercian solo con materias primas?

A Porque non teñen infraestrutura industrial nin tecnolóxica.
Porque no tienen infraestructura industrial ni tecnológica.

B Porque só a agricultura e a gandería foron o seu comercio tradicional.
Porque solo la agricultura y la ganadería fueron su comercio tradicional.

C Porque as metrópoles dominaron a riqueza das colonias no seu proveito.
Porque las metrópolis dominaron la riqueza de las colonias en provecho propio.

15. De acordo co texto, que teñen en común os países subdesenvolvidos?

De acuerdo con el texto, ¿qué tienen en común los países subdesarrollados?

A Relacións comerciais privilexiadas.
Relaciones comerciales privilegiadas.

B Explotación dos recursos propios.
Explotación de los recursos propios.

C Analfabetismo e guerras polos recursos.
Analfabetismo y guerras por los recursos.

16. Unha vez lido o texto, explique que é o neocolonialismo.

Una vez leído el texto, explique qué es el neocolonialismo.

A O control indirecto que exercen as potencias sobre as súas antigas colonias.
El control indirecto que ejercen las potencias sobre sus antiguas colonias.

B Unha nova forma do capitalismo de dominar territorios libres.
Una nueva forma del capitalismo de dominar territorios libres.

C A ocupación directa dun país que ten recursos petrolíferos ou mineiros.
La ocupación directa de un país que tiene recursos petrolíferos o mineros.

17. O Neolítico é a etapa da Prehistoria na que a humanidade...

El Neolítico es la etapa de la Prehistoria en la que la humanidad...

A Practicaba unha economía depredadora.
Practicaba una economía depredadora.

B Practicaba unha economía produtiva.
Practicaba una economía productiva.

C Practicaba unha economía autosuficiente.
Practicaba una economía autosuficiente.

18. Na Grecia clásica, a democracia ateniense era igual que a democracia actual?

En la Grecia clásica, ¿la democracia ateniense era igual que la democracia actual?

A Si, porque participaban todos os homes e mulleres maiores de idade.
Sí, porque participaban todos los hombres y mujeres mayores de edad.

B Non, porque estaban excluídos os escravos, que non eran considerados persoas.
No, porque estaban excluidos los esclavos, que no eran considerados personas.

C Non, porque estaban excluídos os estranxeiros, as mulleres e os escravos.
No, porque estaban excluidos los extranjeros, las mujeres y los esclavos.

19. Que eran os foros na Galicia medieval?

¿Qué eran los foros en la Galicia medieval?

A Leis especiais concedidas por un rei a cambio dun servizo de guerra.
Leyes especiales concedidas por un rey a cambio de un servicio de guerra.

B Exención de impostos para todos os comerciantes fixos nas cidades galegas.
Exención de impuestos para todos los comerciantes fijos en las ciudades gallegas.

C Contratos de arrendamento de terras entre propietarios e labregos a longo prazo.
Contratos de arrendamiento de tierras entre propietarios y campesinos a largo plazo.

20. Na economía do Antigo Réxime consolidouse o chamado *comercio triangular*, que consistía en:

En la economía del Antiguo Régimen se consolidó el llamado comercio triangular*, que consistía en:*

A O intercambio comercial entre Europa, Asia e América.
El intercambio comercial entre Europa, Asia y América.

B O intercambio comercial entre Europa, África e América.
El intercambio comercial entre Europa, África y América.

C O intercambio comercial entre Portugal, Países Baixos e o mar Báltico.
El intercambio comercial entre Portugal, Países Bajos y el mar Báltico.

21. O despregue de forzas militares das superpotencias como EEUU e a URSS que ameazaba coa destrución mutua en caso de guerra denominouse:

El despliegue de fuerzas militares de las superpotencias como EEUU y la URSS que amenazaba con la destrucción mutua en caso de guerra se denominó:

A Guerra fría.
Guerra fría.

B Equilibrio do terror.
Equilibrio del terror.

C Neocolonialismo.
Neocolonialismo.

22. Como afectou a Revolución Industrial a España?

¿Cómo afectó la Revolución Industrial a España?

A O país importou os avances técnicos e industrializouse rápido.
El país importó los avances técnicos y se industrializó rápido.

B Non conseguiu industrializarse por falta de tecnoloxía.
No consiguió industrializarse por falta de tecnología.

C Industrializouse tardiamente e só en Cataluña e no País Vasco.
Se industrializó tardíamente y solo en Cataluña y en el País Vasco.

23. Quen sucedeu a Franco despois da súa morte en 1975 como xefe de Estado?

¿Quién sucedió a Franco después de su muerte en 1975 como jefe de Estado?

A Afonso XIII.
Alfonso XIII.

B Xoán Carlos de Borbón.
Juan Carlos de Borbón.

C Luís Carrero Blanco.
Luis Carrero Blanco.

24. O tipo de arco e bóveda que aparece na fotografía é característico da arquitectura do seguinte estilo artístico:

El tipo de arco y bóveda que aparece en la fotografía es característico del siguiente estilo artístico:



A Barroco.
Barroco.

B Renacemento.
Renacimiento.

C Gótico.
Gótico.

25. Que é unha ópera?

¿Qué es una ópera?

A Un xénero da música clásica teatral no que participan moitos personaxes e ten texto e música.
Un género de música clásica teatral en el que participan muchos personajes y tiene texto y música.

B Unha forma de teatro que ten elementos cantados de cando en vez.
Una forma de teatro que tiene elementos cantados de vez en cuando.

C Un texto para recitar ao que se lle pon música e serve para ser cantado ou recitado.
Un texto para recitar al que se le pone música y sirve para ser cantado o recitado.